MARTES **11 FEBREIRO** 2020 • ANO VII - Nº 214 • Correo - liderlugo@lavoz.es
La Voz de Galicia

# Líder BASKET



Estudiantes 49 – Ensino Lugo 52

# REPLAY NOS PLAYOFF?

**Desta volta, Ensino gañoulle a partida a Estudiantes logrando un histórico triunfo para o club,** que por primeira vez se impoñía aos celestes na categoría júnior masculina de Liga Galega. Queda por diante un posible duelo definitivo, de cruzarse ambos na Final Four por unha praza no Campionato de España

42 47

## ENSINO, AO GALEGO

Tras impoñerse na Veiga ao San Ciprián, o cadro capitalino asegúrase unha praza entre os catro primeiros a falta de dúas xornadas, nas que serán xuíces do primeiro posto. Os de Manolo Cobas necesitan unha derrota de Estudiantes para chegar con opcións ao derradeiro duelo no Anexo

101 90

## ESPECTACULAR DERBI

Provincial entre Estudiantes e Ribadeo cadete, no que os capitalinos puxeron fin á resistencia dun gran rival nos últimos sesenta segundos de xogo. Os de Javi Peinó alzaranse co título zonal Norte da Liga Galega de gañar o derbi capitalino da vindeira xornada ante o Ensino

LIGA GALEGA INFANTIL 61 59



## Épica vitoria do Burela tras remontar 20 puntos ao líder da competición

O Academia A Mariña impúxose a un Rosalía que se presentou en Vista Alegre con pleno de vitorias, nun encontro espectacular cun último cuarto para o recordo. Con este triunfo, o conxunto que dirixe Nacho Mota chega ás dúas últimas xornadas dependendo de si mesmo para entrar no corte dos catro primeiros clasificados ao remate da primeira fase

# Unha xornada por diante en mini masculino

## OS TRES PRIMEIROS CLASIFICADOS de cada un dos grupos disputarán xuntos unha nova liguiña con sistema olímpico de seis xornadas

A vindeira fin de semana xogaranse os últimos partidos desta primeira fase. No grupo Norte, CB Burela e Cidade xa teñen a súa praza asegurada, mentres que Carferlo Viveiro conseguirá a súa de gañar o enfrontamento ante Galén Ensino. Estos tres equipos mediranse na seguinte fase aos tres clasificados do grupo Sur –CB Sarria, Estudiantes Vermello e Maristas 09– nunha competición de 6 xornadas con sistema olímpico–. Cuarto e quinto clasificados de ambas liguiñas xuntaranse tamén nunha nova fase de seis xornadas.

Aínda restan cinco xornadas para a conclusión da competición mini feminina, na que María Auxiliadora segue ao fronte da táboa cunha soa derrota e oito vitorias, a última ante Cemento Cosmos.



**PREMINIBASKET FEM.** Est. Violeta – Cidade de Lugo



**PREMINIBASKET MASC.** Est. Verde – Est. Vermello



**PREMINIBASKET FEM.** Est. Violeta – Cidade de Lugo

### MINIBASKET 2º FEMININO

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Mariposa Burela – Galén 08 | 63–13 |
| Galñen E. 09 – M. Sarria | 36–54 |
| M. Auxiliadora – C. Sarria | 72–22 |
| Cidade Fingoi – Franciscanos | 57–45 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| M. AUXILIADORA | 9 | 8 | 1 | 0 | 544 | 292 |
| CIDADE - FINGOI | 9 | 7 | 2 | 0 | 464 | 270 |
| MADEIRA SARRIA | 9 | 6 | 3 | 0 | 463 | 325 |
| FRANCISCANOS | 9 | 6 | 3 | 0 | 503 | 281 |
| MARIPOSA BURELA | 9 | 5 | 4 | 0 | 393 | 365 |
| GALÉN ENSINO 09 | 8 | 2 | 6 | 0 | 235 | 437 |
| COSMOS SARRIA | 9 | 1 | 8 | 0 | 216 | 504 |
| GALÉN ENSINO 08 | 8 | 0 | 8 | 0 | 136 | 480 |

PRÓXIMA XORNADA

Cidade Fingoi - Mariposa Burela
Franciscanos - María Auxiliadora
Cosmos Sarria - Galén Ensino 09
Madeira Sarria - Galén Ensino 08

### MINIBASKET 2º MASC. G-NORTE

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Cidade – CB Viveiro | 59–67 |
| E. Burela – Galén Ensino | 90–48 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| E. BURELA | 7 | 7 | 0 | 0 | 536 | 306 |
| CIDADE DE LUGO | 8 | 4 | 4 | 0 | 502 | 483 |
| GALÉN ENSINO 08 | 7 | 4 | 3 | 0 | 465 | 452 |
| CB VIVEIRO | 7 | 3 | 4 | 0 | 432 | 450 |
| GALÉN ENSINO | 7 | 0 | 7 | 0 | 325 | 569 |

PRÓXIMA XORNADA

CB Viveiro - Galén Ensino
Esperanza Burela - Galén Ensino 08

### MINIBASKET 2º MASC. G-SUR

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Est. Azul – Maristas 09 | 25–54 |
| Cidade Fingoi – Est. Vermello | 54–76 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CRISTO C.B. SARRIA | 7 | 7 | 0 | 0 | 408 | 99 |
| EST. VERMELLO | 7 | 5 | 2 | 0 | 394 | 275 |
| MARISTAS LUGO 09 | 7 | 3 | 4 | 0 | 261 | 334 |
| EST. AZUL | 7 | 2 | 5 | 0 | 246 | 363 |
| CIDADE-FINGOI | 8 | 1 | 7 | 0 | 173 | 411 |

PRÓXIMA XORNADA

Estudiantes Vermello - Estudiantes Azul
Maristas 09 - Cristo Sarria

### PREMINIBASKET FEMININO

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| CB Viveiro – Galén Ensino | --- |
| Afan Burela – Franciscanos | 47–33 |
| Est. Violeta – Cidade | 37–40 |
| Maria Aux. – MGR Sarria | 9–59 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| MGR C.B. SARRIA | 8 | 8 | 0 | 0 | 476 | 92 |
| CIDADE DE LUGO | 8 | 7 | 1 | 0 | 413 | 239 |
| EST. VIOLETA | 8 | 5 | 3 | 0 | 338 | 275 |
| AFAN BURELA | 8 | 5 | 3 | 0 | 296 | 325 |
| FRANCISCANOS | 8 | 3 | 5 | 0 | 268 | 353 |
| M. AUXILIADORA | 8 | 2 | 6 | 0 | 248 | 387 |
| CB VIVEIRO | 7 | 1 | 6 | 0 | 167 | 320 |
| GALÉN ENSINO | 7 | 0 | 7 | 0 | 140 | 355 |

PRÓXIMA XORNADA

Galén Ensino - María Auxiliadora
MGR Sarria - Estudiantes Violeta
Cidade Lugo - Afan Burela

### PREMINIBASKET MASCULINO

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Rosalia Castro – Galén E. | 65–15 |
| Oribio Sarria – Maristas | 40–49 |
| Cosmos Sarria – CB Viveiro | 34–55 |
| Galén 10 – Franciscanos | 77–31 |
| Eu Son Burela – Cidade | 57–6 |
| Mariña Burela – Ensino | 51–32 |
| Est. Verde – Est. Vermello | 72–22 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Eu Son Burela | 10 | 10 | 0 | 0 | 582 | 140 |
| EST. VERDE | 10 | 9 | 1 | 0 | 575 | 126 |
| EST. LARANXA | 10 | 8 | 2 | 0 | 513 | 312 |
| MARISTAS LUGO | 10 | 8 | 2 | 0 | 490 | 360 |
| GALÉN ENSINO 10 | 10 | 6 | 4 | 0 | 437 | 336 |
| FRANCISCANOS | 10 | 6 | 4 | 0 | 450 | 331 |
| CB VIVEIRO | 10 | 5 | 5 | 0 | 328 | 350 |
| ENSINO LUGO | 10 | 4 | 6 | 0 | 303 | 455 |
| ORIBIO C.B. SARRIA | 10 | 4 | 6 | 0 | 335 | 407 |
| MARIÑA BURELA | 10 | 3 | 7 | 0 | 280 | 456 |
| COSMOS SARRIA | 10 | 3 | 7 | 0 | 296 | 456 |
| CIDADE DE LUGO | 10 | 2 | 8 | 0 | 227 | 401 |
| ANPA ROSALÍA | 10 | 2 | 8 | 0 | 184 | 414 |
| GALÉN ENSINO | 10 | 0 | 10 | 0 | 108 | 564 |

PRÓXIMA XORNADA

Galén E. - Est. Vermello
Ensino Lugo - Est. Verde
Cidade - Mariña Burela
Franciscanos - Burela
CB Viveiro - Galén E. 10
Maristas - Cosmos Sarria
Rosalia - Oribio Sarria

## CLASIFICACIÓNS LIGAS AUTONÓMICAS

### JUNIOR 1ª DIV. FEMENINO

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| B. Coruña – Peleteiro | --- |
| C. María – C. Mariano | 45–64 |
| Bosco – Celta | 50–66 |
| C. Artabra – Rosalia | 40–93 |
| Durán Ensino – Estudiantes | Apr. |
| Cortegada – Carmelitas | 43–47 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CELTA RECALVI | 15 | 14 | 1 | 0 | 1121 | 671 |
| PELETEIRO | 14 | 13 | 1 | 0 | 868 | 654 |
| ROSALIA | 15 | 11 | 4 | 0 | 1037 | 800 |
| COLEXIO MARIANO | 14 | 11 | 3 | 0 | 808 | 702 |
| **DURAN ENSINO** | **14** | **10** | **4** | **0** | **882** | **677** |
| BOSCO | 15 | 6 | 9 | 0 | 755 | 818 |
| COMPAÑIA MARIA | 15 | 5 | 10 | 0 | 660 | 787 |
| **ESTUDIANTES** | **12** | **7** | **5** | **0** | **810** | **596** |
| CARMELITAS | 15 | 4 | 11 | 0 | 581 | 865 |
| BASQUET CORUÑA | 13 | 3 | 10 | 0 | 683 | 823 |
| COSTA ARTABRA | 15 | 1 | 14 | 0 | 623 | 1146 |
| CORTEGADA | 15 | 1 | 14 | 0 | 650 | 939 |

PRÓXIMA XORNADA

Durán Ensino - B. Coruña
Estudiantes - C. Artabra
Rosalia - Cortegada
Celta - C. Maria
C. Mariano - Peleteiro
Bosco - Carmelitas

### JUNIOR 1ª DIV. MASCULINO

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Culleredo – Obradoiro | 40–89 |
| B. Ferrol – C. Ourense | 74–57 |
| CB Allariz – Bosco | 70–63 |
| Rosalia – CB Tui | --- |
| Estudiantes – Durán Ensino | 49–52 |
| Blanco Amor – Sigaltec | 68–56 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| OBRADOIRO | 15 | 15 | 0 | 0 | 1295 | 768 |
| **ESTUDIANTES** | **15** | **12** | **3** | **0** | **1124** | **959** |
| ROSALIA CASTRO | 14 | 12 | 2 | 0 | 1051 | 830 |
| **DURÁN ENSINO** | **15** | **11** | **4** | **0** | **1113** | **958** |
| C.B. TUI MASCATO | 14 | 7 | 7 | 0 | 1042 | 1068 |
| CB ALLARIZ | 15 | 6 | 9 | 0 | 1027 | 1102 |
| SIGALTEC | 14 | 6 | 8 | 0 | 938 | 981 |
| BLANCO AMOR | 15 | 5 | 10 | 0 | 935 | 1043 |
| KFC CULLEREDO | 15 | 4 | 11 | 0 | 828 | 1054 |
| BASKET FERROL | 14 | 5 | 9 | 0 | 863 | 1017 |
| BOSCO | 15 | 3 | 12 | 0 | 836 | 1061 |
| CLUB OURENSE | 15 | 2 | 13 | 0 | 886 | 1097 |

PRÓXIMA XORNADA

Sigaltec - Culleredo
Blanco Amor - Estudiantes
Durán Ensino - Rosalia
CB Tui - CB Allariz
C. Ourense - Obradoiro
B. Ferrol - Bosco

### CADETE 1ª FEMININO NORTE

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| C. Artabra – Maristas C. | 66–73 |
| Giraldo – Peleteiro | 40–51 |
| Estudiantes – Culleredo | 73–43 |
| Candelas Ensino – Rosalia | 87–44 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PELETEIRO | 12 | 11 | 1 | 0 | 763 | 568 |
| **ESTUDIANTES** | **11** | **9** | **2** | **0** | **771** | **619** |
| MARISTAS CORUÑA | 12 | 7 | 5 | 0 | 777 | 775 |
| **CANDELAS ENSINO** | **11** | **7** | **4** | **0** | **730** | **648** |
| INSTITUTO ROSALIA | 12 | 4 | 8 | 0 | 712 | 782 |
| KFC CULLEREDO | 12 | 4 | 8 | 0 | 680 | 780 |
| COSTA ARTABRA | 12 | 4 | 8 | 0 | 769 | 836 |
| GIRALDO CBV | 12 | 1 | 11 | 0 | 582 | 776 |

PRÓXIMA XORNADA

Estudiantes - Maristas Coruña
Culleredo - Rosalia
Candelas Ensino - Giraldo
Peleteiro - C. Artabra

### CADETE 1ª MASCULINO NORTE

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Culleredo – B. Coruña | 53–65 |
| C. Artabra – B. Ferrol | 46–78 |
| Estudiantes – Ria Ribadeo | 101–90 |
| San Ciprián – Ensino Lugo | 42–47 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **ESTUDIANTES** | **12** | **11** | **1** | **0** | **954** | **762** |
| **SAN CIPRIAN** | **12** | **9** | **3** | **0** | **832** | **736** |
| **ENSINO LUGO** | **12** | **9** | **3** | **0** | **881** | **712** |
| BASKET FERROL | 12 | 6 | 6 | 0 | 815 | 822 |
| BASQUET CORUÑA | 12 | 5 | 7 | 0 | 810 | 879 |
| **CB RÍA DE RIBADEO** | **12** | **5** | **7** | **0** | **856** | **894** |
| KFC CULLEREDO | 12 | 2 | 10 | 0 | 757 | 890 |
| COSTA ARTABRA | 12 | 1 | 11 | 0 | 612 | 822 |

PRÓXIMA XORNADA

San Ciprián - Basquet Coruña
Ensino Lugo - Estudiantes
Ria Ribadeo - Costa Artabra
Basket Ferrol - Culleredo

### INFANTIL 1ª FEMININO NORTE

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| CB Arxil – Peleteiro | 58–65 |
| Mariña Burela – Rosalia | 61–59 |
| Inmoponte – Junquera | 30–80 |
| Estudiantes – C. Artabra | 47–44 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| INSTITUTO ROSALÍA | 12 | 11 | 1 | 0 | 770 | 512 |
| **MARIÑA BURELA** | **12** | **7** | **5** | **0** | **744** | **619** |
| **ESTUDIANTES** | **12** | **7** | **5** | **0** | **620** | **604** |
| COSTA ARTABRA | 12 | 7 | 5 | 0 | 672 | 577 |
| GRUPO JUNQUERA | 11 | 6 | 5 | 0 | 658 | 521 |
| PELETEIRO | 11 | 6 | 5 | 0 | 656 | 607 |
| C.B. ARXIL | 12 | 3 | 9 | 0 | 639 | 774 |
| CAB INMOPONTE | 12 | 0 | 12 | 0 | 254 | 799 |

PRÓXIMA XORNADA

Estudiantes - Peleteiro
C. Artabra - Inmoponte
Junquera - Mariña Burela
Rosalia - CB Arxil

### PRE-INFANTIL FEM. NORTE

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Los Rosales – Estudiantes | 11-62 |
| B. Coruña – Mariña Burela | 46-49 |
| Esclavas – C. Artabra | 13-63 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **ESTUDIANTES** | **9** | **8** | **1** | **0** | **507** | **272** |
| **MARIÑA BURELA** | **9** | **7** | **2** | **0** | **575** | **437** |
| COSTA ARTABRA | 8 | 7 | 1 | 0 | 493 | 281 |
| BASQUET CORUÑA | 9 | 5 | 4 | 0 | 468 | 278 |
| BAXI FERROL | 8 | 3 | 5 | 0 | 410 | 354 |
| ESCLAVAS | 10 | 1 | 9 | 0 | 121 | 568 |
| BV LOS ROSALES | 9 | 0 | 9 | 0 | 143 | 527 |

PRÓXIMA XORNADA

Baxi Ferrol - Los Rosales
C. Artabra - B. Coruña
Mariña Burela - Estudiantes

### PRE-INFANTIL MASC. NORTE

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Culleredo – B. Ferrol | 54–66 |
| Estudiantes – C. Artabra | 68–87 |
| Maristas C. – Celtas Foz | 35–75 |
| B. Coruña – Tirso Molina | 79–70 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BASKET FERROL | 11 | 10 | 1 | 0 | 774 | 504 |
| BASQUET CORUÑA | 11 | 9 | 2 | 0 | 763 | 591 |
| **CELTAS EUGENIA** | **11** | **8** | **3** | **0** | **763** | **595** |
| TIRSO MOLINA | 11 | 7 | 4 | 0 | 708 | 581 |
| COSTA ARTABRA | 11 | 4 | 7 | 0 | 678 | 724 |
| **ESTUDIANTES** | **11** | **4** | **7** | **0** | **673** | **676** |
| KFC CULLEREDO | 11 | 2 | 9 | 0 | 575 | 830 |
| MARISTAS CORUÑA | 11 | 0 | 11 | 0 | 309 | 742 |

PRÓXIMA XORNADA

B. Coruña - Culleredo
Tirso Molina - Maristas Coruña
Celtas Foz - Estudiantes
Costa Artabra - B. Ferrol

### MINIBASKET 1º FEM. NORTE A

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Pontumio – Costa Artabra | 29–79 |
| Ensino Lugo – Estudiantes | 35–74 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| COSTA ARTABRA | 8 | 8 | 0 | 0 | 597 | 273 |
| **ESTUDIANTES** | **8** | **6** | **2** | **0** | **495** | **229** |
| BAXI FERROL | 8 | 4 | 4 | 0 | 363 | 456 |
| **ENSINO LUGO** | **8** | **2** | **6** | **0** | **304** | **427** |
| PONTUMIO | 8 | 0 | 8 | 0 | 146 | 520 |

FINALIZADA A 1ª FASE DA COMPETICIÓN

### MINIBASKET 1º MASC. NORTE A

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Narón – B. Ferrol | 66–60 |
| R. Ribadeo – Maristas Lugo | 55–106 |
| Costa Artabra – Estudiantes | 109–66 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **MARISTAS LUGO** | **10** | **10** | **0** | **0** | **946** | **462** |
| NARÓN | 10 | 8 | 2 | 0 | 721 | 710 |
| BASKET FERROL | 10 | 6 | 4 | 0 | 688 | 737 |
| **CB RÍA DE RIBADEO** | **10** | **3** | **7** | **0** | **787** | **901** |
| COSTA ARTABRA | 10 | 3 | 7 | 0 | 671 | 764 |
| **ESTUDIANTES** | **10** | **0** | **10** | **0** | **583** | **822** |

FINALIZADA A 1ª FASE DA COMPETICIÓN

### INFANTIL 1º MASCULINO NORTE

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Betanzos – Montrove | 72–62 |
| Maristas Lugo – Narón | 52–68 |
| Estudiantes – B. Coruña | 84–70 |
| Culleredo – Obradoiro | 50–75 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| OBRADOIRO CAB | 12 | 12 | 0 | 0 | 864 | 567 |
| BETANZOS | 12 | 9 | 3 | 0 | 814 | 728 |
| **ESTUDIANTES** | **12** | **9** | **3** | **0** | **891** | **730** |
| NARÓN | 12 | 7 | 5 | 0 | 781 | 627 |
| **MARISTAS LUGO** | **12** | **4** | **8** | **0** | **766** | **833** |
| KFC CULLEREDO | 12 | 4 | 8 | 0 | 664 | 797 |
| MONTROVE | 12 | 3 | 9 | 0 | 782 | 855 |
| BASQUET CORUÑA | 12 | 0 | 12 | 0 | 549 | 974 |

PRÓXIMA XORNADA

Culleredo - Montrove
Obradoiro - Estudiantes
B. Coruña - Maristas Lugo
Narón - Betanzos

## JUNIOR PROVINCIAL

### JÚNIOR 2º DIV. FEM. 2ª FASE AA

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Ria Ribadeo – Betanzos | 42–43 |
| Baxi Ferrol – Ensino Lugo | 59–67 |
| Pontumio – Artai | 42–40 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **ENSINO LUGO** | **3** | **2** | **1** | **0** | **166** | **147** |
| **CB RÍA DE RIBADEO** | **3** | **2** | **1** | **0** | **155** | **140** |
| BAXI FERROL | 3 | 2 | 1 | 0 | 176 | 136 |
| ARTAI EBX | 3 | 1 | 2 | 0 | 134 | 154 |
| PONTUMIO | 3 | 1 | 2 | 0 | 128 | 154 |
| BETANZOS | 3 | 1 | 2 | 0 | 127 | 155 |

PRÓXIMA XORNADA

Ría Ribadeo - Artai
Ensino Lugo - Pontumio
Betanzos - Baxi Ferrol

### JÚNIOR 2º DIV. FEM. 2ª FASE AB

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| CB Sarria – Terra Chá | 44–40 |
| CB Arteixo – Trebóns | 52–37 |
| Culleredo – Estudiantes | 60–81 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| KFC CULLEREDO | 3 | 2 | 1 | 0 | 168 | 178 |
| **C.B. SARRIA** | **3** | **2** | **1** | **0** | **144** | **126** |
| **ESTUDIANTES** | **2** | **2** | **0** | **0** | **139** | **106** |
| TREBÓNS | 3 | 1 | 2 | 0 | 120 | 151 |
| CB ARTEIXO | 2 | 1 | 1 | 0 | 108 | 96 |
| **CB TERRA CHA** | **3** | **0** | **3** | **0** | **126** | **148** |

PRÓXIMA XORNADA

CB Sarria - Estudiantes
Trebóns - Culleredo
Terra Chá - CB Arteixo

### JÚNIOR 2º DIV. MASCULINO

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Ría Ribadeo – Hierros F. | 71–47 |
| MGR Sarria – CB Viveiro | 26–76 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CB VIVEIRO | 8 | 6 | 2 | 0 | 555 | 401 |
| CB RÍA DE RIBADEO | 8 | 5 | 3 | 0 | 564 | 403 |
| HIERROS FERREIRO | 8 | 5 | 3 | 0 | 584 | 458 |
| ENSINO LUGO | 8 | 3 | 5 | 0 | 435 | 542 |
| MGR C.B. SARRIA | 8 | 1 | 7 | 0 | 333 | 667 |

FINALIZADA A 1ª FASE DA COMPETICIÓN

# Ensino gaña este derbi e o posible desempate será nos play off

## PRIMEIRA VITORIA DO CLUB CUN EQUIPO JÚNIOR MASCULINO DE PRIMEIRA DIVISIÓN

ante Estudiantes, nun encontro de poder a poder. Os celestes impuxéranse no encontro de ida



Anxo trata de superar a presión do ensinista Cristian



Pedro, co balón, ante a presión de Eloy



Olloqui encarando a zona celeste ante Pedro e Jorge

| ESTUDIANTES 49 Xogador | PTS. | ENSINO 52 Xogador | PTS. |
|---|---|---|---|
| Carlos | | Eloy | 11 |
| Mikel | | Mario | 4 |
| Anxo | | Samuel | |
| Álvaro | | Antón Real | |
| Dani | | Cristian | 11 |
| Cabe | | Hugo Rey | 10 |
| Jorge | | Sergio | 8 |
| Diego | | Jorge | |
| Adri | | Olloqui | 6 |
| Pedro | | Dani López | 2 |
| Pape | | Seny | |
| | | Tahunza | |

Estudiantes e Ensino medíronse nun derbi máis emocional que transcendente a nivel clasificatorio, xa que ambos equipos teñen asegurada a súa presenza nos play off.

Estudiantes xogou sen Lucas, con molestias físicas, pero si o encontro fose decisivo estaría en pista, mentres que Ensino, sen Pillado e tras perder no partido da primeira volta, alzouse cunha histórica vitoria ao gañar o primeiro derbi a Estudiantes nunha Primeira División júnior masculina.

Á marxe do emocional, o derbi, como o resto dos encontros que quedan ata os play off, é unha rampla de saída para gañar en sensacións e posta a punto de cara á cita decisiva da tempada, na que os dous máximos representantes da Provincia buscarán unha praza no Campionato de España.

Ensino preparou a conciencia o encontro ao longo da semana, con adestramentos de calidade que se ven reflectidos en pista ao longo dos partidos. Conscientes de que as súas opcións pasaban por pechar e cargar o rebote para non deixar que Estudiantes correse, os de Adrián González conseguiron levar o partido ao terreo que máis lles interesaba.

O primeiro parcial terminou con 13-10, mentres que as defensas propiciaron un apagón ofensivo nos seus rivais nun segundo parcial que finalizou con 5-9 para chegarse ao descanso con 18-19 no marcador.

Tralo descanso Estudiantes tivo os seus mellores minutos en pista e Ensino tivo que cortar a sangría cun tempo morto no que recuperou o camiño marcado na primeira parte para chegar coas espadas en todo o alto ao tramo final de partido, con todo por decidir e con máxima igualdade no marcador e sobre a pista.

Ensino, nesta ocasión, tivo máis acerto nas posesións quentes e alzouse coa vitoria, asegurándose a súa presenza nos play off nos que se aveciña un posible cruzamento entre Estudiantes e Ensino para desnivelar o empate a vitorias no que vai de tempada entre os dous mellores equipos júnior masculino da Provincia.

**"ESTOY CONTENTO CON EL TRABAJO REALIZADO POR EL EQUIPO, NO TUVIMOS NUESTRO DÍA A NIVEL OFENSIVO"**

PABLO ABUÍN - Estudiantes

**"ESTAMOS PREPARADOS PARA DAR EL MÁXIMO DE CADA UNO DE NOSOTROS Y COMO EQUIPO FIN DE SEMANA TRAS FIN DE SEMANA"**

ADRIÁN GONZÁLEZ - Ensino



Hugo Rey e Olloqui celebrando unha canastra decisiva



Carlos defendido por Eloy nun lance do xogo



Hugo Rey penetrando a canastra antre Jorge

**LIGA GALEGA JÚNIOR FEMININA**



Paula Hoyuelos encarando a Sabela e Yashina ante a mirada de Alba e María Corredoira

## O DUELO FEMININO ENTRE ESTUDIANTES E ENSINO DISPUTARASE O PRÓXIMO DÍA 18 NO ANEXO

Aprazouse o derbi feminino da Liga Galega júnior feminina, que se tería que disputar este pasado fin de semana. O encontro xogarase o vindeiro martes 18 a partir das 20:15 horas no Anexo.

A primeira División júnior feminina está caótica na zona alta da clasificación polos encontros aprazados. Ensino xogou un dos que tiña pendentes o pasado venres en Vigo ante o Celta. As de Juan Nécega caeron pero fixérono tras poñer contra as cordas ao actual campión de Liga. Ensino empezou mandando no marcador cun primeiro parcial de 15-17, mentres que ao descanso chegouse con 31-30 no electrónico. Con todo por decidir na segunda parte, chegouse ao último cuarto con 42-41 no marcador, polo que tan só nos últimos dez minutos o Celta conseguiu desnivelar a balanza cun último parcial de 17-12.

Estudiantes, ademais do aprazado con Ensino, tamén ten outro que xogará o próximo 25 deste mes a partir das 17:00 horas ante Colegio Mariano.


Mikel coa pelota ante a chegada do ribadense Manu


Álvaro supera a Anxo nunha acción ao contraaataque


Darío atacando con Brais ante a mirada de Sama


Cristian finalizando unha entrada a canastra ante Anxo


Manu a piques de lanzar por riba do celeste Mikel

# Estudiantes impúxose no sprint final do derbi

**PARTIDAZO NO ANEXO** no que o marcador, a falta dun minuto, era de 89-88. Os de Javi Peinó poden ser campións ante o Ensino

| ESTUDIANTES 101 | | CB RIBADEO 90 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | PTS. | Xogador | PTS. |
| Andrés | 11 | Iker | 23 |
| Maneiro | | Anxo | 4 |
| Mikel | 17 | Cristian | 28 |
| Simón | 5 | Darío | 10 |
| Álvaro | 29 | Dani | |
| Dani | 22 | Manu | 25 |
| Óscar | 4 | | |
| Lucas | 5 | | |
| Cristian | 8 | | |
| Rafa | | | |
| Germán | | | |
| Brais | | | |

Estudiantes será campión do Grupo Norte da Liga Galega cadete de impoñerse o vindeiro sábado a Ensino no derbi capitalino. Os de Javi Peinó chegan líderes con dúas vitorias de vantaxe sobre San Ciprián a falta de dúas xornada, cun duelo directo na última cita.

**"SACAMOS ADELANTE UN PARTIDO MUY COMPLICADO, PERO DEBEMOS MEJORAR NUESTRO NIVEL DEFENSIVO"** JAVI PEINÓ - Estudiantes

**"EL MEJOR PARTIDO QUE HEMOS HECHO EN LA TEMPORADA. SOBRESALIENTE PARA EL ESFUERZO DE LOS CHICOS"** SAMA - CB Ribadeo

Todo iso, tras poñer fin á resistencia de Ribadeo no último minuto dun partidazo no que Estudiantes tívose que ir por encima dos cen puntos para gañar.

Os seis guerreiros cos que contou Sama para medirse ao líder na súa pista volveron dar unha exhibición de compromiso, pero tamén de bo baloncesto durante moitas fases do encontro ata que se lles acendeu a luz da reserva a falta de pouco máis de sesenta segundos.

Ata entón o partido foi de poder a poder, con xogo alegre e intercambio de canastras desde os primeiros minutos, 25-17 ao final do primeiro cuarto.

Estudiantes deu un paso á fronte en defensa no segundo cuarto, minimizando perdas e dominando o rebote para darlle a volta ao marcador co 49-46 co que se chegou ao descanso.

Ribadeo mantivo o pulso ao comezo da segunda parte, dominando o rebote e con bo baloncesto con equilibrio entre o xogo interior e exterior para chegar por diante no marcador aos últimos dez minutos, nos que volveu chegar a quenda de réplica dun Estudiantes que pechou o rebote, chegou máis fresco ao desenlace final e con acerto desde o tiro libre rompeu o marcador nos últimos sesenta segundos dun espectacular derbi.

# O Cafés Candelas estará na loita polo título Galego

**O ENSINO ASEGUROUSE UNHA PRAZA** entre os catro primeiros clasificados tras impoñerse a Rosalía. Hoxe mídense co Estudiantes


A burelá Sara nunha acción ao contraataque

| ENSINO 87 | | ROSALÍA 44 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | PTS. | Xogadora | PTS. |
| Enma | 8 | De Paz | |
| Sabela | 9 | Rama | |
| Sara | | Hermo | |
| Silvia | 2 | Riveiro | |
| Eva | 35 | Rodríguez | |
| Carla Paz | 2 | García | |
| Lorena | | Noya | |
| Carolina | | Casuso | |
| Carla G. | 3 | Castro | |
| Paula | 21 | López | |
| Lucía | 5 | Lado | |
| Leyre | 2 | | |

O Cafés Candelas Ensino loitará polo título Galego cadete feminino tras selar a súa presenza entre os catro primeiros clasificados do Grupo Norte. O conxunto lucense fixoo ao grande tras asinar un gran partido nun duelo directo pola cuarta praza.

**"GRAN COMPETITIVIDAD Y TRABAJO GRUPAL PARA CONSEGUIR UNA MERITORIA VICTORIA QUE NOS ANIMA A SEGUIR ENTRENANDO DURO COMO LO ESTAMOS HACIENDO"**
DAVID MARTÍNEZ / AIGOR ROMO - Cafés Candelas Ensino

Desde os primeiros minutos as lucenses atoparon vías para anotar con fluidez, especialmente Eva Pardo que terminou o encontro con 35 puntos. E a defensa estaba a un gran nivel para tomar as primeiras vantaxes no marcador. Con todo, Rosalía reaccionou no primeiro cuarto e pechouno con tan só 6 puntos abaixo, 23-17.

Aos poucos a defensa do Ensino empezou a secar ás compostelás e ao descanso a diferenza xa era de 15 puntos, 39-24.

A dúbida ao comezo da segunda parte era saber si Ensino se desconectaría do partido como é habitual na a volta dos descansos. As lucenses demostraron que aprenderon a lección e cun baloncesto moi difícil de igualar, romperon o partido cun terceiro parcial claro e contundente, 38-13.

Xa en dinámica irresistible, o Ensino continuou co mono de traballo posto ata o final como demostra o 20-7 do último cuarto co que se pechou o definitivo 87-44.

### Hoxe derbi

Ensino e Estudiantes citanse a partir das 19:00 horas no Anexo para disputar o segundo derbi capitalino da tempada. No primeiro impúxose con facilidade Estudiantes, 72-56, pero Ensino chega a este partido con mellores sensacións.


A ensinista Carolina Fernández realizando un pase



Mario, co balón, entre Samu, Joel e Carreira nun lance do derbi disputado na primeira volta no Anexo

**3**
**EQUIPOS CLASIFICADOS** A falta de dúas xornadas no Grupo Norte para a segunda fase e os tres son lucenses, Estudiantes, San Ciprián e Ensino

**1º**
**POSTO** San Ciprián xa non depende de si mesmo para alzarse co título zonal. Os de Manolo Cobas necesitan un favor de Ensino a próxima xornada ante Estudiantes e gañar na última cita aos celestes en Lugo

# Ensino tamén se une ao Galego

**OS CAPITALINOS SENTENCIARON AO SAN CIPRIÁN** no treito final dun derbi con pouco ritmo. Os mariñaos, tamén clasificados para a segunda fase, ceden na loita polo primeiro posto

| SAN CIPRIÁN 42 | | ENSINO 47 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | PTS | Xogador | PTS. |
| Manu | 3 | Samuel | 5 |
| Manuel | 1 | Durán | 2 |
| Dani | | Ruano | |
| Diego | 3 | Martínez | |
| Marcos | 6 | Carreira | 2 |
| Carlos | 2 | Garabito | 5 |
| Hugo | 8 | Juan Bao | 3 |
| Antón | 3 | Álex Bao | 2 |
| Miguel | 3 | Joel | 7 |
| Mario | 13 | Seny | 15 |
| | | Tchunza | 6 |

**"NO TUVIMOS ACIERTO EN EL TIRO A LO LARGO DEL ENCUENTRO Y ASÍ ES MUY COMPLICADO PODER COMPETIR"** MANOLO COBAS - San Ciprián

**"ASEGURAMOS LA PLAZA PARA LA SEGUNDA FASE, AHORA PENSAR EN TRABAJAR PARA LO QUE ESTÁ POR VENIR"** ADRIÁN GONZÁLEZ - Ensino

O Ensino únese a Estudiantes e San Ciprián para disputar a segunda fase na que estará en xogo o título Galego, ao asegurarse un posto entre os catro primeiros a falta de dúas xornadas.

Os de Adrián González impuxéronse na Veiga a un San Ciprián que se queda en mans do Ensino para chegar con opcións de alzarse co título zonal na última xornada ante Estudiantes.

O derbi estivo marcado pola intensidade defensiva que lle imprimiu ao encontro o Ensino ao longo de todo o partido, propiciando porcentaxes de acerto no tiro moi por debaixo dos habituais nos de Manolo Cobas.

O ritmo foi lento, o que máis lle interesaba a Ensino, con parciais moi axustados, 11-10 e 11-7 para chegarse ao descanso con 21-18.

Na segunda parte os de Adrián González estiveron mellor en ataque, dominaron os un para un e foron recortando distancias ata poñerse por diante no último cuarto.

No desenlace final Ensino foi máis fiable, perdeu menos balóns e tivo o acerto necesario ante o aro rival para levar a vitoria e o pase á seguinte fase con último parcial de 9-15. Agora, na penúltima xornada, intentarán atrasar o alirón de Estudiantes no Grupo Norte, no derbi capitalino da penúltima xornada.

**15**
**PUNTOS DE SENY** máximo anotador nun derbi no que os exteriores de ambos equipos estiveron por debaixo dos seus porcentaxes de acerto habituais

# O vendaval celeste preséntase esta tarde de novo no Anexo

**ESTUDIANTES** chega pletórico ao encontro que disputará hoxe ante o Ensino

**19:00**
**HORA DO DERBI** Ensino - Estudiantes cara a cara. Os dous mellores equipos da Provincia cadete feminino veranse as caras para medir forzas sen presión para ningún equipo a nivel clasificatorio

| ESTUDIANTES 73 | | CULLEREDO 43 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | PTS. | Xogadora | PTS. |
| Lian | | Botana | |
| Iria | | Sanchéz | |
| Celia | | Fernández | |
| Candela | | Rivas | |
| Enma | | López | |
| María | | Piñeiro | |
| Marta F. | | Manzanares | |
| Claudia | | Romera | |
| Carla | | González | |
| Marta R. | | | |

**"CONSEGUIMOS UNA VICTORIA IMPORTANTE QUE NOS METE EN EL GRUPO DE ARRIBA Y QUE REFUERZA EL TRABAJO QUE REALIZAN LAS NIÑAS Y LO BIEN QUE ESTÁN HACIENDO LAS COSAS ESTA TEMPORADA"** FERNÁN VARELA - Estudiantes



Claudia Corujo trata de gañar un duelo un para un



A celeste Carla a piques de recuperar un balón

Estudiantes segue en estado de graza e ante Culleredo, ademais de certificar a súa presenza no Galego cadete feminino, o conxunto de Fernán Varela demostrou que o gran partido ante Peleteiro non foi flor dun día.

Conscientes de que o perigo de Culleredo pasaba pola súa xogadora máis física e dominante, Estudiantes fixo un gran traballo para que as súas compañeiras non puidesen atopala en posicións nas que faría dano. A defensa estivo a un gran nivel desde os primeiros minutos, propiciando roubos de balón ao anticiparse á seguinte xogada con moita concentración por parte do conxunto lucense.

O 16-13 co que terminou o primeiro cuarto semellaba moi escaso, pero o marcador empezou a romperse no segundo parcial para chegar ao descanso con 32-22, e de novo con mellores sensacións que os dez puntos de renda que reflictía ou marcador.

No partido de ida Estudiantes non conseguiu descolgar a Culleredo ata a recta final, pero neste a liña regular do equipo deixou sen opcións ao seu rival moito antes.

Ao final, nova vitoria plagada de boas sensacións coas que chega Estudiantes ao derbi desta tarde que se disputará a partir das 19:00 horas no Anexo. Cos dous equipos cos deberes feitos a nivel clasificatorio, ambos chegan á cita no seu mellor momento da tempada. Estudiantes ademais, tras encadear cinco vitorias consecutivas neste Grupo Norte da Liga Galega cadete feminina.



Iria Menor facendo unha entrada a canastra

# Épica vitoria do Burela tras remontar 20 puntos ante o líder

**ROSALÍA PRESENTOUSE CON PLENO DE VITORIAS EN VISTA ALEGRE,** pero un vendaval mariñao levounas por diante cun último parcial de 30-12

| CB BURELA 61 | | ROSALÍA 59 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | PTS. | Xogadora | PTS. |
| Henar | 10 | Liñares | |
| Sara | 13 | Fuente | |
| Zaida | | Carro | |
| Emma | 14 | Irillo | |
| Candela | 4 | Lago | |
| Lucía | 12 | Ladoi | |
| Cecilia | 8 | Casuso | |
| Sabela | | Mallou | |
| Paula | | Rodríguez | |
| | | Doval | |

Épica vitoria do Burela ante o líder, un Rosalía que se presentou en Vista Alegre con pleno de vitorias, pero que se viu superado polo ciclón mariñao nun último cuarto que quedará na memoria de todas as participantes.

De inicio, Burela tivo un exceso de respecto ao medirse co todopoderoso Rosalía, atenazadas en ataque e superadas en defensa o primeiro parcial terminou con 5-14, pero peores aínda eran as sensacións. No segundo cuarto, o acerto de Sara desde o tiro exterior mantivo vivo a Burela, chegándose ao descanso con 21-29.

**"ENHORABUENA AL EQUIPO POR EL PARTIDO, UNA GRAN VICTORIA. APRENDIMOS A NO DEJAR DE CREER NI EN EL PEOR DE LOS MOMENTOS Y OBTUVIMOS RECOMPENSA. UN PASO MÁS, PERO TODAVÍA QUEDA TRABAJO POR DELANTE"**
NACHO MOTA / JUANMA LÓPEZ
Academia A Mariña Burela

Ao comezo da segunda parte Burela deu un paso á fronte, pero a resposta de Rosalía foi contundente e a base de triplos fóronse no marcador ata unha renda máxima de 20 puntos, 24-44, exhibindo un potencial tremendo, digno do ata ese momento líder invicto da competición.

Burela chegou ao último cuarto sen nada que perder, pero cando a maioría, por non dicir todos os equipos da competición, baixarían os brazos nesta situación de partido, o conxunto de Nacho Mota decidiu competir.



Nacho Mota facendo piña coas súas xogadoras durante un encontro no Anexo

As xogadoras que tiveron minutos no último cuarto estiveron moi ben, pero a remontada non sería posible sen o apoio de todo o banquiño, que empezou a crer na machada tras un par de boas defensas con presión a toda pista.

Tras catro minutos espectaculares nos que Burela recortou 16 puntos, empezaba un novo encontro en Vista Alegre. Un partido de cinco minutos con 52-51 no marcador e cos dous equipos ao seu máximo nivel. Cecilia enfundouse o traxe de MVP cun tiro dende cinco metros para asinar o 61-59, deixando unha última posesión a Rosalía, pero a defensa de Burela non permitiu nin que lanzasen a canastra.

Con esta vitoria Burela chega ás dúas últimas xornadas dependendo de si mesmas para estar no corte dos catro primeiros.

## Match ball salvado para seguir con opcións

**TRIUNFO VITAL** para buscar o pase á segunda fase ante Peleteiro no Anexo

| ESTUDIANTES 47 | | C. ÁRTABRA 44 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | PTS. | Xogadora | PTS. |

*Información do partido non facilitada

Estudiantes salvou a súa primeira bóla de partido ao impoñerse a Costa Ártabra no Anexo tras un encontro moi disputado e que non se decidiu ata os últimos segundos. Con esta vitoria as celestes reciben a Peleteiro na próxima xornada en busca da clasificación para a segunda fase, gardándose aínda o comodín da última xornada na que se miden ao último clasificado en Pontevedra.



Estudiantes celebrando a vitoria ao remate do partido

## Maristas rematou desquiciado

**A DEFENSA ZONAL DE NARÓN** na segunda parte desnivelou o partido

| MARISTAS 52 | | NARÓN 68 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | PTS. | Xogador | PTS. |
| Néstor | 13 | Lourido | |
| Miguel | | Iglesias | |
| David | | Núñez | |
| Samuel | 7 | Couce | |
| Gabriel | 6 | Saa | |
| Alexis | 5 | Freire | |
| Jorge | 2 | Fuertes | |
| Julián | 19 | González | |
| | | García | |
| | | Lafuente | |

**"NO CONTÁBAMOS CON QUE NOS PLANTEARAN UNA DEFENSA ZONAL EN ESTA CATEGORÍA Y NOS LA COMIMOS EN LA SEGUNDA PARTE POR COMPLETO"** RUBÉN ENGROBA - Maristas Lugo

Maristas despediuse da segunda fase tras caer ante Narón nun partido marcado pola defensa zonal que suscitaron os visitantes ao longo da segunda parte. Unha defensa legal pero moi pouco habitual en categorías como a infantil.

Ata entón Maristas non empezara con bo pé, encaixando un parcial inicial de 2-9 que corrixiu Rubén Engroba cun tempo morto para pechar o primeiro parcial con 15-17.

Como xa vén sendo tónica, no segundo cuarto un xogador rival centrouse en secar a Julián con xogo moi físico. Néstor tomou a alternativa en ataque e Jorge liderou a defensa para darlle a volta ao marcador, 34-30 ao descanso. Mentres que a segunda parte, marcada por unha defensa zonal 2-3 sacou do partido a Maristas por completo.



Julián coa pelota para encarar a un xogador rival



Néstor a piques de dar unha asistencia entre tres rivais

## Estudiantes afina a posta a punto

**XOGO CORAL DOS CELESTES** sen Diego Serguei, xa rumbo a Málaga

| ESTUDIANTES 84 | | B. CORUÑA 70 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | PTS. | Xogador | PTS. |
| Brais | 26 | Nogueiras | |
| Santi | 19 | Ferreiros | |
| Mateo | | Formoso | |
| Pi | 13 | Souto | |
| Dani | 11 | Regueiro | |
| Pablo | | Pérez | |
| Leo | 4 | Moreno | |
| Bernal | 1 | Bruzos | |
| Rozas | 2 | Domínguez | |
| Mario | 8 | Vázquez | |

**"MUY BUEN PARTIDO EN EL QUE HEMOS PODIDO DISFRUTAR DE UN GRAN JUEGO COLECTIVO POR PARTE DEL EQUIPO"**
NICO FERNÁNDEZ. - Estudiantes



Isma correndo unha acción ao contraataque



Os celeses Leo, Pablo e Bernal en labores defensivas

Estudiantes segue dando pasos á fronte e gañando en boas sensacións de cara á segunda fase na que xa teñen asegurada unha praza no Galego infantil. Os de Nico Fernández demostraron que, ata sen o seu xogador franquicia, son moi competitivos.

Serguei, cunhas pequenas molestias no nocello, tivo descanso para viaxar en plenas condicións a Málaga, onde disputará con Valencia a fase final da Minicopa

Ante Basquet Coruña Estudiantes xogou un gran encontro. No primeiro parcial houbo demasiadas interrupcións por faltas, pero aínda así os celestes conseguiron ter un bo ritmo de xogo para tomar o mando do marcador cun 17-12 inicial. No segundo os dous equipos xogaron un baloncesto alegre, sempre con Estudiantes por diante, e na segunda parte, con bo xogo en ambos lados da pista, os de Nico asinaron un partido moi completo cunha gran aportación de todos os xogadores.

# Contracorrente dende os primeiros minutos

**ESTUDIANTES** acusou o 11-26 do primeiro parcial no Anexo


O celeste Pablo loitando por un balón cun xogador ferrolán


Bosco coa pelota tras superar a un xogador rival

| ESTUDIANTES 68 | | C. ÁRTABRA 87 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | PTS. | Xogador | PTS. |
| Eloy | 6 | Gómez | |
| Uxío | | López | |
| Bosco | 16 | Cotovad | |
| Pablo | 6 | Botana | |
| Diego | 2 | Pulpeiro | |
| Martín | 9 | Villadonga | |
| Lucas | 5 | Carro | |
| Manu | 6 | Brage | |
| Varela | 4 | Lobo | |
| Samu | 14 | Pena | |
| | | Montaos | |

Costa Ártabra levouse a vitoria do Anexo ante un Estudiantes que tivo que remar contracorrente no marcador desde os primeiros minutos de partido. Os visitantes empezaron máis intensos, dominando o rebote e secando aos lucenses en ataque, de aí ao 11-26 co que terminaron os primeiros dez minutos de xogo.

Estudiantes deu un paso á fronte no segundo cuarto, crecendo desde a defensa. Os de Pablo Rodríguez endureceron o xogo atrás e iso permitiulles atacar mellor, en varias ocasións con rápidas transicións tras roubo ou rebote defensivo para terminar impoñéndose no segundo parcial 19-16 e chegar ao descanso con 30-42 no marcador.

**"CUANDO HAY GANAS, EL RESTO DE LAS COSAS VIENEN SOLAS"** PABLO RODRÍGUEZ - Estudiantes

Estudiantes intentou recortar distancias no terceiro cuarto para chegar con opcións de remontada no último e os celestes estiveron ben en ataque, atopado vías para anotar con fluidez, pero en defensa concederon demasiado como para darlle a volta ao marcador.

20-19 no terceiro cuarto e 18-26 nos últimos dez minutos nos que o partido foi un ida e volta cos ataques superando ás defensas.

**Próxima xornada**

Estudantes visita Foz para disputar o segundo derbi Provincial da tempada.

# O primeiro posto estará en xogo no derbi Provincial

**ESTUDIANTES** visita Vista Alegre antes de recibir a Costa Ártabra en dous duelos de altura

| LOS ROSALES 11 | | ESTUDIANTES 62 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | PTS. | Xogadora | PTS. |
| González | | Carlota | |
| Buján | | Nerea | |
| Pereira | | Lucía | |
| Lema | | Eva | |
| Ibáñez | | Valle | |
| Lozano | | Lola | |
| Lorenzo | | Daniela | |
| Ría | | Alma | |
| Sánchez | | Gema | |
| Fernández | | Clara | |
| | | Iria | |

Nova vitoria e contundente dun Estudiantes que afinou a súa posta a punto e o punto de mira de cara ás dúas próximas xornadas, nas que se decidirá o primeiro posto do Grupo Norte da Liga Galega Preinfantil.

Estudiantes viaxa a Burela a próxima xornada nun partido no que estará en xogo o primeiro posto e o basketaverage tralo 61-60 do partido de ida no Anexo, mentres que o seguinte encontro das celestes en casa será ante Costa Ártabra, rival ante o que caeron por un punto na primeira volta.

A mellor forma posible de afrontar estes dous encontros é asinando partidos completos como o do pasado sábado, no que, cunha defensa espectacular e coa concentración por bandeira, desnivelaron o marcador ao seu favor desde os primeiros minutos cun parcial inicial de 4-27 que se foi ampliando ata o peche do marcador nos primeiros minutos da seguna parte.

**"UN BUEN PARTIDO DE TODAS LAS JUGADORAS, SEGUIMOS TRABAJANDO PARA PODER MEJORAR"** ZAIDA IGLESIAS - Estudiantes


A xogadora celeste Eva

# Celtas Foz sacou na Coruña o pasaporte para a segunda fase

**XA CLASIFICADOS,** os de Armando recibirán a Estudiantes en Foz

| MARISTAS 35 | | CELTAS 75 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | PTS. | Xogador | PTS. |
| Bra | | Nacho | |
| Guitierrez | | Álvaro | 30 |
| Pardal | | Esteban | 2 |
| Domínguez | | Javi | 15 |
| Bescansa | | Nico | 8 |
| Maceiras | | Darío | 3 |
| Alonso | | Chris | |
| Rodríguez | | Lucas | 12 |
| Anido | | Mario | |
| Acebal | | Alonso | 1 |
| Becerra | | | |

Celtas de Foz Gasóleos Eugenia estará na segunda fase na que os de Armando loitarán polo título Galego preinfantil. Os mariñaos selaron a súa clasificación a falta de tres xornadas para terminar a primeira fase ao grande, tras impoñerse por KO a Maristas na Coruña.

Desde os primeiros minutos o encontro estivo marcado pola boa defensa lucense, que xa empezou a romper o marcador ao seu favor no primeiro cuarto cun parcial inicial de 12-24.

Sen chegar a ter unhas porcentaxes altas de acerto no tiro, a superioridade física e o listón defensivo que marcou Celtas ao longo do encontro fixo que a diferenza se fóra ampliando co paso dos minutos, 27-37 ao descanso.

**"FUIMOS MUY PRÁCTICOS EN UN ENCUENTRO EN EL QUE TUVIMOS UN MAL DÍA DE CARA AL ARO RIVAL"** ARMANDO - Celtas Gasóleos Eugenia


Armando dando instrucións aos seus no banquiño

Ao comezo da segunda parte, Celtas deixou en tan só 7 puntos a Maristas, e con Álvaro como principal ameaza ofensiva o partido terminouse de romper antes do 10-20 co que se pechou o marcador nos últimos dez minutos.

**30**

**PUNTOS ÁLVARO**

Nun encontro no que Celtas non tivo o seu mellor día en ataque, o base mariñao volveu a ser o máximo anotador do encontro

Na próxima xornada Celtas recibe a Estudiantes no segundo e definitivo derbi Provincial da tempada.

# Burela recibirá ao Estudiantes e o liderado será para o gañador

**PRIMEIRO CONTRA SEGUNDO EN VISTA ALEGRE** na próxima xornada

| B. CORUÑA 46 | | CB BURELA 49 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | PTS. | Xogadora | PTS. |
| Bejerano | | Henar | 18 |
| Cascales | | Candela | 16 |
| Díaz | | Laura | 8 |
| García | | Marta | 5 |
| Graña | | Sara | 2 |
| Gómez | | Aroa | |
| Vázquez | | Elena | |
| Riestra | | Paula | |
| Mana | | Nerea | |
| Ruiz | | Lucía P. | |
| Díaz | | Lucía G. | |
| Nieto | | | |

O Academia A Mariña Burela conseguiu unha axustada pero moi importante vitoria na Coruña, 46-49 que lle permite ao conxunto que dirixe Carlos Madar chegar coas espadas en todo o alto para recibir a Estudiantes a próxima xornada en Vista Alegre, nun duelo que medirá a primeiro contra segundo co liderado en xogo tralo 60-61 co que finalizou o partido da primeira volta.

Con Costa Ártabra como terceiro invitado na loita polo primeiro posto e no horizonte como seguinte rival, Burela cargou o depósito de confianza na Coruña, onde foron de menos a máis.

**"ESTAMOS MUY CONTENTOS EN TODOS LOS ASPECTOS CON EL TRABAJO QUE REALIZA ESTE GRUPO"** CARLOS MADAR - CB Burela


Varias xogadoras de Burela celebrando unha canastra

O partido empezou con dúbidas nos primeiros minutos, sen que as mariñás atopasen o seu sitio en pista, pero co paso dos minutos fóronse asentando ata chegar ao descanso con vantaxe no marcador, 23-31.

Na segunda parte o partido endureceuse, con moitas faltas que cortaban o ritmo de xogo, pitando os colexiados 42 en total, 29 ás locais e 13 a Burela. O ritmo lento beneficiou ás herculinas, que chegaron con opcións de vitoria a un tramo final no que Burerla estivo máis acertado.


Carme protexe o balón presionada por Carla e Claudia


A celeste Noa López leva a pelota seguida de Candela


A ensinista Aroa nun contraataque xunto a Noa López


Nerea busca a unha compañeira defendida por Sara


Carmen inicia unha xogada ante a presión de Claudia


Carmen saíndo en carreira xunto á ensinista Aurora

# Derbi capitalino para pechar a primeira fase

**SEGUE A PREPARACIÓN** de Estudiantes para a segunda. Ensino mostrou a súa mellora

| ENSINO 35 | | ESTUDIANTES 74 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | PTS. | Xogadora | PTS. |
| Marina | 2 | Calota | |
| Candela D. | 6 | Sarai | |
| Cayetana | 1 | Nerea | |
| Sara | 5 | Noa Espino | |
| Candela B. | 2 | Carmen | |
| Alicia | 2 | Marina | |
| Aroa | 6 | Claudia R. | |
| Aurora | 4 | Valle | |
| Antía | | Claudia L. | |
| Carmen | 5 | Carla | |
| Celtia | 2 | Noa L. | |

**“UN PARTIDO PARA TERMINAR LA PRIMERA FASE EN QUE SALIMOS CON BUEN SABOR DE BOCA”**

AIGOR ROMO - Ensino Lugo

**“ENHORABUENA A TODAS MIS JUGADORAS. TENEMOS QUE SEGUIR POR ESTE CAMINO”**

ZAIDA IGLESIAS - Estudiante

A derradeira xornada mini feminina medía aos dous conxuntos da Provincia, Ensino e Estudiantes. Tralo derrota das de Aigor Romo na primeira volta con peche de marcador, nesta ocasión as ensinistas foron capaces de competir ao longo de todo o encontro pese á superioridade das celestes.

O encontro serviu a ambos conxuntos para preparar o seguinte tramo da competición. Estudiantes loitará por unha praza para a fase final polo título Galego nunha Liga xunto a Costa Ártabra, Baxi, Culleredo, Pío XII e Peleteiro, mentres que Ensino agrúpase nunha competición similar, de 5 equipos e 8 xornadas, con Pontumio, Jesuitinas, Montrove e Basquet Coruña.


Zaida Iglesias dando instrucións no banquiño

**10**

**NOVAS XORNADAS**
Estudiantes feminino e Maristas xogarán a segunda fase nunha liguiña de 6 equipos

**MINIBASKET 1º FEM. NORTE A**

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Pontumio – Costa Artabra | 29–79 |
| Ensino Lugo – Estudiantes | 35–74 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| COSTA ARTABRA | 8 | 8 | 0 | 0 | 597 | 273 |
| **ESTUDIANTES** | **8** | **6** | **2** | **0** | **495** | **229** |
| BAXI FERROL | 8 | 4 | 4 | 0 | 363 | 456 |
| **ENSINO LUGO** | **8** | **2** | **6** | **0** | **304** | **427** |
| PONTUMIO | 8 | 0 | 8 | 0 | 146 | 520 |

FINALIZADA A 1ª FASE DA COMPETICIÓN

**3**

**EQUIPOS LUCENSES** seguirán competindo co resto de clasificados do cuarto ao sexto posto. Ensino en feminino e Estudiantes e Ribadeo en masculino

**MINIBASKET 1º MASC. NORTE A**

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Narón – B. Ferrol | 66–60 |
| R. Ribadeo – Maristas Lugo | 55–106 |
| Costa Artabra – Estudiantes | 109–66 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **MARISTAS LUGO** | **10** | **10** | **0** | **0** | **946** | **462** |
| NARÓN | 10 | 8 | 2 | 0 | 721 | 710 |
| BASKET FERROL | 10 | 6 | 4 | 0 | 688 | 737 |
| **CB RÍA DE RIBADEO** | **10** | **3** | **7** | **0** | **787** | **901** |
| COSTA ARTABRA | 10 | 3 | 7 | 0 | 671 | 764 |
| **ESTUDIANTES** | **10** | **0** | **10** | **0** | **583** | **822** |

FINALIZADA A 1ª FASE DA COMPETICIÓN

# Brillante posta en escena do Estudiantes

**PUNTO E FINAL** á primeira fase da tempada

| C. ARTABRA 107 | | ESTUDIANTES 66 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | | Xogador | PTS. |
| Gómez | | Rubén | |
| Rodríguez | | Jacobo | |
| Amorín | | Javi M. | |
| Porto | | Andrés | |
| Saavedra | | Lucas | |
| Rey A. | | Nayo | |
| Rey M. | | Pablo | |
| Paz | | Hugo | |
| Collazo | | Olmo | |
| García | | Javi C. | |

**“TENEMOS QUE MEJORAR EN TODO PARA PODER COMPETIR LOS PARTIDOS”**

JAVI PEINÓ- Estudiantes

Os de Javi Peinó rematan a súa andaina nesta fase cunha derrota, pero sabendo cal é a folla de ruta a seguir en vindeiros encontros, nos que se enfrontarán a equipos dunha categoría similar.

O primeiro parcial no partido do pasado domingo ante Costa Ártabra, no que os celestes foron superiores tomando boas decisións en ataque e poñéndose por diante, debe servir de exemplo para os partidos da seguinte fase, nos que Estudiantes se medirá de novo ao conxunto ferrolán, CB Ribadeo, Obradoiro, Montrove e Basquet Coruña.

# Maristas remata coa folla de ruta impoluta

**PLENO DE VITORIAS** para os de Óscar Engroba tras impoñerse na última xornada en Ribadeo

| CB RIBADEO 55 | | MARISTAS 106 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | | Xogador | PTS. |
| Simón | | Juan A. | |
| Héctor | | David | |
| Juan | | Juan G. | |
| Guille | | Teo | |
| Iván | | María C. | |
| Martín | | Méśfin | |
| Alejandro | | Jorge | |
| Dani | | Carlos | |
| Miguel | | Javi | |
| Hugo | | Néstor | |

**“NOS FALTÓ LA INTENSIDAD NECESARIA PARA AFRONTAR EL PARTIDO. SEGURAMENTE, EL MEJOR EQUIPO DE LA CATEGORÍA”**

SAMA - CB Ribadeo

**“ACABAMOS LA PRIMERA FASE INVICTOS, CON GANAS DE EMPEZAR LA SEGUNDA”**

ÓSCAR ENGROBA - Maristas

Maristas Lugo pecha a primeira fase da competición dende o máis alto e con pleno de vitorias, a última no derbi capitalino que enfrontou aos de Engroba con CB Ribadeo, no que a posta en escena, con Néstor e Mesfin facendo moito dano, foi clave.

Tras un parcial de 10-27 Ribadeo tivo que ir a remolque o resto do encontro, e pese a que no segundo periodo e tralo intermedio puideron xogarlle a Maristas de ti a ti, as diferenzas antes do descanso, cun resultado de 24-61, deixaban o encontro practicamente visto para sentenza.

De cara ao seguinte tramo da competición os dous equipos xogarán en dúas ligas diferentes. Os de Óscar Engroba encádranse no Grupo Norte-1 xunto a Baloncesto Narón, Basket Ferrol, Culleredo, Rosalía e Obradoiro, nunha liga de 10 xornadas na que os capitalinos buscarán unha praza na Fase Final, na que estará en xogo o título Galego.

CB Ría de Ribadeo, pola súa banda, xogará xunto a Estudiantes e outros catro equipos no Grupo Norte-2, nunha competición que se extenderá ata o vindeiro mes de Maio.

**10**

**TRIUNFOS** noutros tantos encontros para Maristas nesta primeira fase. Os de Engroba chegan invictos ao seguinte tramo da competición

# Suma e segue de Cidade co cuarto triunfo consecutivo

**TRAS IMPOÑERSE ESTA FIN DE SEMANA** a Carferlo Viveiro, as capitalinas selan a súa mellor xeira esta temporada e ocupan o quinto posto na táboa clasificatoria

O conxunto capitalino impúxose o pasado sábado ao equipo mariñao por 65-52 e continúa coa súa progresión no campionato, certificando a súa mellora con catro vitorias consecutivas. As de Anxo Nadela e Juanma afrontarán a próxima fin de semana a súa xornada de descanso e na seguinte tampouco competirán polo parón de Entroido, polo que teñen dúas semanas para preparar o encontro ante Saneamientos Sarria, primeiro clasificado, en busca do quinto triunfo seguido.

As sarriás recuperaron o primeiro posto tralo descanso de Pontumio esta xornada e logo de impoñerse ao "irmán pequeno", Castro Agrasar, no derbi do Novo Chanto, un encontro no que as de primeiro ano demostraron a gran mellora ao longo destos meses pese a caer 28-56, facendo fronte á súa desvantaxe sen desconectarse nunca do partido.

Ensino 06 impúxose a Franciscanos por 80-62, mentres que o outro conxunto do club, Ensino Galén, caeu ante Baxi Ferrol R por 35-57.

**1º**

**CLASIFICADO**

Saneamientos Sarria recuperou o primeiro posto logo de impoñerse no derbi do Chanto e tras descansar Pontumio esta fin de semana

**INFANTIL 2ª DIV. FEMININO 01**

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| E. Galén – Baxi Ferrol R | 35-57 |
| Baxi Ferrol S – BBCA | 59-29 |
| Ensino 06 – Franciscanos | 80-32 |
| Cidade – CB Viveiro | 65-52 |
| Agrasar Sarria – Stos. Sarria | 28-56 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| STOS. SARRIA | 12 | 11 | 1 | 0 | 794 | 371 |
| PONTUMIO | 11 | 11 | 0 | 0 | 667 | 176 |
| BAXI FERROL S | 12 | 9 | 3 | 0 | 611 | 490 |
| ENSINO LUGO 06 | 12 | 8 | 4 | 0 | 740 | 525 |
| CIDADE DE LUGO | 12 | 7 | 5 | 0 | 624 | 635 |
| AGRASAR SARRIA | 11 | 6 | 5 | 0 | 452 | 487 |
| CB VIVEIRO | 12 | 5 | 7 | 0 | 535 | 701 |
| FRANCISCANOS | 12 | 3 | 9 | 0 | 467 | 736 |
| KFC BBCA | 12 | 3 | 9 | 0 | 489 | 687 |
| BAXI FERROL R | 12 | 2 | 10 | 0 | 541 | 742 |
| ENSINO GALÉN | 12 | 0 | 12 | 0 | 340 | 710 |

PRÓXIMA XORNADA

Agrasar Sarria - Ensino Galén
Stos. Sarria - Pontumio
CB Viveiro - Ensino Galén 06
Franciscanos - Baxi Ferrol S
BBCA - Baxi Ferrol R



Celia, CB Viveiro, coa pelota por diante de Cris Otero



Bea a piques de finalizar unha entrada ante Sara



María López, de Cidade, defendida pola mariña Tatiana

# Os dous primeiros clasificados continúan sen ceder no máis alto da táboa

**CB RÍA DE RIBADEO E SAGRADO CORAZÓN** impuxéronse nos seus respectivos encontros desta xornada e afrontan as próximas semanas co duelo directo pendente, no que estará en xogo o primeiro posto



O mariñao Juan nun contragolpe seguido de Nacho

O conxunto mariñao tiña un encontro complicado esta xornada ante Cidade de Lugo, quinto clasificado que viña de impoñerse a pasada fin de semana ao cuarto, IF Podología. Os de Jose Vázquez non especularon e dende o primeiro momento realizaron un partido moi serio, sobre todo na defensa para dominar o rebote e poder saír ao contraataque. Así, no primeiro cuarto lograron as primeiras vantaxes, 17-11, para xogar máis tranquilos o resto do encontro.

No segundo parcial secaron a Cidade en ataque e, pese a que eles tampouco estiveron acertados de cara ao aro, seguiron ampliando a renda para chegar ao descanso con 12 puntos de vantaxe, 28-16. Tralo intermedio chegou o mellor cuarto dos mariñaos, co que pecharon o encontro ao chegar aos últimos 10 minutos 25 puntos arriba para lograr a undécima vitoria en doce encontros e seguir así á fronte da clasificación.

O segundo na táboa, Sagrado Corazón, impúxose a MGR Sarria tras pechar o marcador, nun encontro no que a diferenza física foi clave. No duelo entre Carferlo Viveiro e Franciscanos, triunfo para os capitalinos por 22-65, mentres que no encontro entre IF Podología e Estudiantes, o triunfo foi para o conxunto sarriao por 67-17 cun partido moi serio en defensa para aproveitar as xogadas ao contraataque. No partido entre CB Burela e Ensino Galén o triunfo foi para os mariñaos por 69- 43.

A vindeira fin de semana CB Ribadeo visita a Estudiantes e Sagrado Corazón recibe a Burela, coa vista posta ambos equipos no duelo directo polo primeiro posto que xogarán o vindeiro 25 de Febreiro.



Iker, CB Ribadeo, superando a presión de Jackiel



Pedro busca un bo pase ante a chegada de Miguel

**1**

**ENCONTRO APRAZADO**

CB Ribadeo e Sagrado Corazón enfrontaranse polo primeiro posto o vindeiro día 25 de Febreiro

**INFANTIL 2ª DIV. MASCULINO 01**

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| MGR Sarria – Sagrado | 2-52 |
| CB Viveiro – Franciscanos | 22-65 |
| Ria Ribadeo – Cidade | 60-41 |
| If Sarria – Estudiantes | 67-15 |
| Mariña Burela – E. Galén | 69-43 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CB RÍA DE RIBADEO | 13 | 12 | 1 | 0 | 782 | 358 |
| A. X. SAGRADO | 13 | 11 | 2 | 0 | 862 | 388 |
| FRANCISCANOS | 14 | 10 | 4 | 0 | 835 | 584 |
| IF C.B. SARRIA | 14 | 10 | 4 | 0 | 865 | 602 |
| CIDADE DE LUGO | 13 | 8 | 5 | 0 | 683 | 556 |
| MARIÑA BURELA | 13 | 8 | 5 | 0 | 834 | 647 |
| CB VIVEIRO | 14 | 4 | 10 | 0 | 453 | 754 |
| ESTUDIANTES | 13 | 2 | 11 | 0 | 393 | 821 |
| ENSINO GALÉN | 13 | 2 | 11 | 0 | 386 | 807 |
| MGR C.B. SARRIA | 14 | 0 | 14 | 0 | 257 | 833 |

PRÓXIMA XORNADA

Sagrado - Mariña Burela
Ensino Galén - If Sarria
Estudiantes - Ría Ribadeo
Cidade - CB Viveiro
Franciscanos - MGR Sarria

# O derbi provincial da xornada foi para o líder

**ENSINO LUGO CONTINÚA INTRATABLE** no máis alto da táboa e impúxose a Viveiro a domicilio. CB Burela logrou a sexta vitoria no que vai de curso ante Tirso de Molina

Trece triunfos noutros tantos encontros para as de Aigor Romo, que seguen sen atopar rival cando xa se disputaron tres encontros da segunda volta da competición. Nesta ocasión as ensinistas visitaron a Viveiro e impuxéronse cun resultado de 35-52.

Logo dun comezo de partido moi bo para Viveiro, cun parcial de 8-0, Aigor solicitou un tempo morto tralo que Ensino espertou e, cunha gran presión a toda a pista, deulle a volta ao marcador. A dinámica continuou no segundo cuarto, e pese a que o ataque non foi todo o fluido que se esperaba, ao descanso chegaron con vantaxe de dez puntos, 17-27.

Tralo paso polos vestiaros as ensinistas romperon definitivamente o partido, apertando de novo a toda pista e conseguindo facer roubos de balón para anotar con facilidade ao contraataque, ao tempo que tamén conseguían canastras dende fóra para un parcial de 5-21 no terceiro cuarto que deixaba o encontro practicamente visto para sentenza. Os últimos dez minutos foron os mellores de Viveiro, nos que superaron en todo ás ensinistas pese a que a vitoria para o líder da competición nunha perigou.

No encontro entre CB Burela e Tirso de Molina as mariñas impuxéronse por un contundente 82-46 e volven á senda da vitoria tras dúas derrotas consecutivas. Lourenzá caeu derrotado ante o segundo clasificado, Pontumio, e na próxima xornada medirase a Tirso.

**1**

**ENCONTRO APRAZADO**

O derbi capitalino entre Estudiantes e Ensino Galén disputouse onte luns ás 20:45h no Anexo, polo que ao peche desta edición ainda non se coñecia o resultado

**8**

**XORNADAS POR DIANTE**

A competición cadete feminina, con 22 xornadas, extenderase ata despois de Semana Santa, finalizando a fin de semana do 18 de Abril

**CADETE 2ª DIV. FEMININO**

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Estudiantes - Ensino Galén | --- |
| Lourenzá - Pontumio | 29-56 |
| Burela - Tirso Molina | 82-46 |
| CB Viveiro - Ensino Lugo | 35-52 |
| BBCA - Baxi Ferrol | 44-57 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ENSINO LUGO | 13 | 13 | 0 | 0 | 905 | 524 |
| PONTUMIO | 13 | 11 | 2 | 0 | 743 | 545 |
| BAXI FERROL | 12 | 11 | 1 | 0 | 846 | 518 |
| ESTUDIANTES | 12 | 7 | 5 | 0 | 696 | 558 |
| MARIÑA BURELA | 13 | 6 | 7 | 0 | 626 | 667 |
| CB VIVEIRO | 13 | 5 | 8 | 0 | 601 | 694 |
| KFC BBCA | 12 | 5 | 7 | 0 | 532 | 595 |
| TIRSO DE MOLINA | 13 | 4 | 9 | 0 | 583 | 736 |
| LOURENZÁ | 13 | 4 | 9 | 0 | 514 | 705 |
| FRANCISCANOS | 12 | 3 | 9 | 0 | 507 | 686 |
| ENSINO GALEN | 12 | 0 | 12 | 0 | 422 | 747 |

PRÓXIMA XORNADA

Ensino Galén - BBCA
Ensino Lugo - Mariña Burela
Tirso Molina - Lourenzá
Pontumio - Estudiantes
Franciscanos - Baxi Ferrol


Ana, CB Viveiro, no encontro de ida ante Daniela e Antía


Clara nunha xogada de ataque defendida por Carolina Fiz


A mariñá Jimena busca un pase ante a presión de Carla

# Sagrado Corazón asegúrase o pase á seguinte fase

**TRAS IMPOÑERSE NO DUELO** polo segundo posto a Oral Design. Os sarriaos xogaranse a praza na última xornada ante Estudiantes 05


Varios xogadores de Estudiantes 04 nun tempo morto

O duelo desta fin de semana entre Sagrado e Oral Design tiña o premio do billete á segunda fase para o vencedor, a falta dunha xornada para o remate desta primeira liguiña. Os de Engroba impuxéronse por 59-51, nun partido no que ambos conxuntos empezaron con moita tensión e imprecisións, cun tenteo igualado. Aos poucos Sagrado foise asentando e tomou o mando do encontro, cun arreón ao final do segundo cuarto que lles deu unha renda de oito puntos ao descanso, 29-21. Tralo intermedio Oral Design volveu meterse no partido e chegou a poñerse a cinco puntos, metendo aos de Engroba en apuros ata os minutos finais, nos que lograron manter a renda para o definitivo 59-51 co que se aseguran o segundo posto e o pase á seguinte rolda.

**CADETE 2ª DIV. MASCULINO 02**

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Estudiantes 05 - Ensino 04 | 49-59 |
| Sagrado - Design Sarria | 59-51 |
| Celtas Foz - Estudiantes 04 | 54-59 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ENSINO LUGO 04 | 11 | 10 | 1 | 0 | 790 | 658 |
| A. X. SAGRADO | 11 | 9 | 2 | 0 | 742 | 613 |
| DESIGN C.B. SARRIA | 11 | 7 | 4 | 0 | 804 | 582 |
| ESTUDIANTES 04 | 11 | 7 | 4 | 0 | 662 | 640 |
| ENSINO LUGO 05 | 11 | 3 | 8 | 0 | 649 | 738 |
| CB CELTAS FOZ | 12 | 1 | 11 | 0 | 601 | 862 |
| ESTUDIANTES 05 | 11 | 2 | 9 | 0 | 677 | 832 |

PRÓXIMA XORNADA

Ensino 04 - Ensino 05
Estudiantes 04 - Sagrado
Design Sarria - Estudiantes 05

**1**

**PRAZA RESTANTE**

A próxima fin de semana disputarase a derradeira xornada desta primeira fase, na que Oral Design buscará o último posto en xogo ante Estudiantes 05

Oral Design, pola súa banda, xogarase a derradeira praza ante Estudiantes 05 na última xornada, a proxima fin de semana. De gañar, os de Adrián López aseguraríanse o pase. De non facelo, deberán agardar unha derrota de Estudiantes 04 -o outro equipo con opcións- ante Sagrado Corazón.

No derbi capitalino desta xornada, o primeiro clasificado, Ensino 04, impúxose a Estudiantes 05 por 49-59. Un encontro no que os celestes chegaron a poñerse a dous puntos no terceiro cuarto, pero a falta de acerto baixo o aro levou a Ensino a dominar nos minutos finais para levarse definitivamente a vitoria.


Yoel, Ensino 04, leva un contraataque ante Jose Daniel


O ensinista Héctor nun un para un co celeste Bernal


Pablo leva a pelota entre Marcos e Carlos, de Estu 05



A ensinista Any en labores defensivas entre dúas rivais



Marta mira o aro presionada por dúas xogadoras ferrolás



Kris nunha acción de ataque do conxunto lucense

# Unha de cal e outra de area para os equipos lucenses

**CB RIBADEO IMPÚXOSE NO DERBI APRAZADO A ENSINO,** pero caeu no encontro desta xornada por un só punto ante Betanzos. As de Aigor Romo, pola súa banda, son primeiras tras impoñerse a Baxi

**JÚNIOR 2º DIV. FEM. 2ª FASE AA**

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Ria Ribadeo – Betanzos | 42-43 |
| Baxi Ferrol – Ensino Lugo | 59-67 |
| Pontumio – Artai | 42-40 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ENSINO LUGO | 3 | 2 | 1 | 0 | 166 | 147 |
| CB RÍA DE RIBADEO | 3 | 2 | 1 | 0 | 155 | 140 |
| BAXI FERROL | 3 | 2 | 1 | 0 | 176 | 136 |
| ARTAI EBX | 3 | 1 | 2 | 0 | 134 | 154 |
| PONTUMIO | 3 | 1 | 2 | 0 | 128 | 154 |
| BETANZOS | 3 | 1 | 2 | 0 | 127 | 155 |

PRÓXIMA XORNADA

Ría Ribadeo - Artai
Ensino Lugo - Pontumio
Betanzos - Baxi Ferrol

**JÚNIOR 2º DIV. FEM. 2ª FASE AB**

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| CB Sarria – Terra Chá | 44-40 |
| CB Arteixo – Trebóns | 52-37 |
| Culleredo – Estudiantes | 60-81 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| KFC CULLEREDO | 3 | 2 | 1 | 0 | 168 | 178 |
| C.B. SARRIA | 3 | 2 | 1 | 0 | 144 | 126 |
| ESTUDIANTES | 2 | 2 | 0 | 0 | 139 | 106 |
| TREBÓNS | 3 | 1 | 2 | 0 | 120 | 151 |
| CB ARTEIXO | 2 | 1 | 1 | 0 | 108 | 96 |
| CB TERRA CHA | 3 | 0 | 3 | 0 | 126 | 148 |

PRÓXIMA XORNADA

CB Sarria - Estudiantes
Trebóns - Culleredo
Terra Chá - CB Arteixo

Xornada doble para CB Ribadeo e Ensino Lugo, que comezaron a fin de semana o venres, coa disputa do derbi pendente. O triunfo foi para o conxunto mariñao, que logrou levar o mando dende o comezo e, tras apertar Ensino no terceiro cuarto e achegarse no marcador, Aldara capitaneou a Ribadeo da mellor forma, anotando tres triplas e asistindo para devolver a vantaxe de cara os minutos finais, nos que Ribadeo soubo xogar co resultado.

No partido do domingo ante Betanzos, as mariñás sufriron a primeira derrota na fase da maneira máis cruel, por un só punto. Tras chegar ao último cuarto con vantaxe de oito puntos, Ribadeo realizou o peor xogo da tempada nos últimos dez minutos, anotando só 4 puntos, algo que aproveitou Betanzos para darlle a volta ao marcador e levarse finalmente o triunfo por 42-43.

Ensino, pola súa banda, superou a Baxi para tomar o mando na táboa clasificatoria, nun partido que as de Aigor Romo remontaron nunha gran segunda parte, tras chegar ao descanso por debaixo no marcador. Cunha gran defensa as ensinistas secaron a un conxunto invicto ata a data e déronlle a volta ao marcador co definitivo 59-67.

**56-45**

**DERBI PROVINCIAL**

CB Ribadeo superou a Ensino no derbi pendente da primeira xornada que mediu aos dous equipos o pasado venres

# Finaliza a primeira fase da competición con CB Viveiro como primeiro clasificado

**O CONXUNTO MARIÑAO ENFRONTARASE** a Ensino Lugo nun duelo a ida e volta nas semifinais da Final Four. CB Ribadeo, que se impuxo esta fin de semana a Hierros, volverase medir aos capitalinos

Tras rematar este tramo da Liga, os catro primeiros clasificados de grupo xogarán unha final four -primeiro contra cuarto e segundo contra terceiro- a ida e volta, na que o gañador do encontro definitivo será o representante da Provincia na fase de ascenso.

Carferlo Viveiro rematou a fase na primeira posición, tras impoñerse esta fin de semana a CB Sarria no Chanto 26-76, e medirase a Ensino Lugo, cuarto clasificado, por un posto na final.

CB Ribadeo e Hierros Ferreiro medíronse esta xornada na Mariña, nun partido no que se decidían segundo e terceiro posto. Os de Sama impuxéronse neste duelo directo e volveranse ver as caras co conxunto capitalino nas semifinais a ida e volta para loitar por un posto na final ante o vencedor do partido entre Viveiro e Ensino.

No partido do domingo en Ribadeo houbo dúas partes moi diferencias. Na primeira o conxunto dirixido por Óscar Engroba levou o ritmo, conseguindo facer dano aos mariñaos cos seus anotadores para chegar ao descanso con vantaxe de catro puntos, 29-33. Tralo intermedio Sama apertou aos seus nos vestiarios para seguir o guión previsto para o encontro e Ribadeo cambiou a cara na segunda metade, anotando con fluidez e defendendo moito mellor para un parcial de 42-14 nos segundos vinte minutos, logrando así a vitoria e recuperando o average para ter o factor cancha a favor nas semifinais.

**JÚNIOR 2º DIV. MASCULINO**

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Ría Ribadeo – Hierros F. | 71-47 |
| MGR Sarria – CB Viveiro | 26-76 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CB VIVEIRO | 8 | 6 | 2 | 0 | 555 | 401 |
| CB RÍA DE RIBADEO | 8 | 5 | 3 | 0 | 564 | 403 |
| HIERROS FERREIRO | 8 | 5 | 3 | 0 | 584 | 458 |
| ENSINO LUGO | 8 | 3 | 5 | 0 | 435 | 542 |
| MGR C.B. SARRIA | 8 | 1 | 7 | 0 | 333 | 667 |

FINALIZADA A 1ª FASE DA COMPETICIÓN

**2**

**SEMIFINAIS**

Os catro primeiros clasificados desta fase mediranse agora nunha Final Four por un posto na fase de ascenso. CB Viveiro enfrontarase a Ensino, mentres que CB Ribadeo medirase con Hierros Ferreiro



Adrián entrando na pintura ante Juan, de Hierros



Sama dando instrucións aos seus xogadores no banco



O ribadense Fanego coa pelota defendido por Mario

# CB SARRIA

**A PRESENTACIÓN OFICIAL** dos 14 equipos federados e das escolas deportivas do club volveu evidenciar que a zona sur da Provincia ten o epicentro do baloncesto en Sarria, onde compiten baixo a tutela da entidade 150 xogadores e xogadoras




O pavillón "Novo Chanto" acolleu o pasado sábado 8 a presentación oficial dos equipos do Club Baloncesto Sarria. Un acto que reuniu no recinto deportivo da rúa de Castelao a centos de persoas, no que pode ser considerado como o acto máis emotivo da entidade baloncestística do sur lucense en cada tempada.

Trala presentación dos xogadores e xogadoras, tanto dos catorce equipos federados como das diversas escolas deportivas que o club ten en centros educativos da contorna, pasouse á realización da foto colectiva, así como ás diferentes fotos de cada conxunto coas diversas equipacións existentes, todas elas cos logotipos de institucións e empresas que fan posible a existencia desta estructura deportiva.

O acto tivo un momento moi singular que serviu de sinxela homenaxe a todos os presidentes que tivo o club dende a súa fundación, agasallados cun pequeno recordo. Así, alí estiveron Pedro Xosé Quintana López (máximo responsable da entidade entre 1987 e 1989), José Mario González Somoza (1989-1994, falecido, na súa representación acudiron a súa viúva María José Lence Cortiñas e o seu fillo Dimas González Lence), Roberto López Vila (1994-2000), José Soto Carballada (2000-2008), Santiago Castro Páramo (2008-2015) e Francisco Alfonso García Conde ( 2015-2019).

Tarde moi familiar e intensa a vivida no Novo Chanto, que contou coa presenza de Claudio Garrido (Alcalde de vila), Felix Seijas (Concelleiro de deportes) e Efrén Castro (Deputado de Deportes da Deputación de Lugo), así como de representantes de boa parte das firmas comerciais que fan posible que o CB Sarria teña catorce equipos e preto de 150 fichas.





Info. e fotos: **CB Sarria**

DEPUTACIÓN DE LUGO Deportes
VICEPRESIDENCIA